

ALENTO

BOLETÍN DE ESTUDOS POLÍTECOS

CONTÉN:

Editoriás.

Nacionalismo galego, *por V. Risco.*

Valorización políteca da língoa, *por
A. das Casas.*

Crisis da Democracia...?, *por Xoan
Brañas.*

Da nosa propia contemprazón, *por
L. Manteiga.*

Galiza

N.º 5

Santos

1934

Prezo: dous réas

ACADEMIA XELMÍREZ

Colexio Residenza

Gonga, 9 e Xelmírez, 11 - Teléf. 1236 - Apartado 20
SANTIAGO

Profesorado Tiduado

Todal-as habitazóns da residencia están no colexio e teñen luz dereita, auga corrente e timbres eléctricos, coartos de baño e duchas.

Biblioteca, gabinete de Física, laboratorio de Químeica. Seizón de deportes.

R. Rodríguez Somoza

ESPECIALIDADE

EN DOENZAS MENTÁS

Huérfanas, 21

SANTIAGO

F. Barreiro Salas

Périto Agrícola

Campo do Gayo, 14 - SANTIAGO

Xohan Xesús González

ABOGADO

Matriculado nas Audenzas da Cruña e Pontevedra

RUA NOVA núm. 46 - 1.º
SANTIAGO

Librerías Porto

*Libros de Texto
pra total-as Facultades
i-Escolas Especiás.*

*Libros de Consulta, Estudos e Recreo.
Biblioteca de utilidade práctica.*

PRAZA DE CERVANTES, 12

Teléfono 1223

RUA DO VILLAR, 16

Teléfono 1123

Apartado de Correos, 9

SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAFÉ «DERBY»

Huérfanas, 20 :: SANTIAGO

Propietario :

Avelino San Luis Vázquez

onde se gusta o millor café
: da cidade :

CAMISERÍA

LINO

HUÉRFANAS, 1

SANTIAGO

Pra artigos de coiro, viaxe i-esport
ninguén como

TALABARTEIRÍA

VEIGA

SENRA, 9 :: SANTIAGO

ALENTO

BOLETÍN
DE ESTUDOS
POLÍTECOS

N.º 5 - SANTOS DO 1934

DIREIZÓN: ALGALIA DE ARRIBA, 35-1.º - SANTIAGO

Visado pol-a censura militar

EDITORÍAS

Ollada pra os nosos mozos

Un ouservador que en calqueira rúa de cidade galega olle o paso dun cento de mozos, sinte unha impresión tristeira: neles non hai cousa que faga maxinar na Terra —nen tan siquera o crásco pucho de lá, que val oito reás e que é un eisempro de comodidade e de discrezón— nen que faga lembrar a Europa. Os nosos rapaces fárdanse a tenor dunha moda provincian —provinza en calesqueira estado do mundo— que sempre leva dez anos de retraso.

O leitor que teña percorrido a Europa non pode esquecer os crássecos casquetes dos escolares da Franza, os cobretestas dos estudantes alsaciáns, as gorras dos estudantes de Nápoles, etc.: a xuventude refrexa sempre o carácter máis ledado do seu país, e cando non, veste a un xeito internazonal xa consagrado: pantalón golf, meias escocesas, sueter ou o mono azul dos obreiros de todo o mundo. O rapaz tristeiro e anacrónico da gabardina e o sombreiro cincento e a cravafa azul con pingas brancas, ao que aludíu algunha vegada o ilustre autor de *Mitteleuropa*, é un espécimen que vai moi ben en Guadalajara ou en Palencia, pro que nós, por esta razón tan simpres do ben parecer, non quixéramos ollalo entre os nosos. O bón rapaz galego debe mostrar no intre de ollalo que é galego e que xoga no horario da Europa dos nosos tempos.

Educazón

Afondemos un pouco máis: nosa mocidade ten de educarse pra convivir na nova Europa. Debe adeprender língoa eistranxeiras, debe lér os milllores xornaes do mundo, debe estar ao tanto do que se pasa na gran polífeca das nosas xerazóns; é tristeiro ollar como a nosa xuventude cisma nos xornaes madrileños máis estúpidos ou na empresa galega máis anodina, e se mantén ao marxen das boas publicazóns da Galiza, de París, de Londres, de Berlín ou de Roma. Mágoa, conturba, afunde ollar aínda aos nosos mozos berrando en troques de falar, suxando-o todo de papeis rotos e colillas, bébedos, inferiormente bébedos, non poucas vegadas perpetuando —maxinamos en Compostela— un seudotipismo que affixe e denigra.

Os universitarios

Afondemos aínda un pouco máis: procuremos aos nosos universitarios. É verdade que se ten adiantado moito: as bibriotecas de Facultade, a arela de estudo, a normalidade docente, a maor sensibilidade que se percebe en xeral nas nosas aulas, échenos de orgulo. Pro non abonda. Nas devanditas bibriotecas percébense lagóas que os rapaces deberían estimular que se cobrisen, fallan traballos de investigazón en col dos nosos probremas, son moi poucos os que sinten a sagra cobiza de conquistar cátedras pra o día de mañán refacer a orgaizazón, anticuada e infecunda, da nosa Universidade.

Os que máis, atinxiron unha auxiliaría ou unha axudantía e nela esmorecen como si todo o tivesen conquerido xa, como si estes postos de dependencia fosen algo máis que un paso pra trunfos maores. E o tráxico é que nestes postos traballa un elevadísimo tanto por cento de investigadores con posibilidade certa de sere efectivos cadeirádegos dos máis brillantes, categorizados e fecundos.

A falla de inquietús investigadorás percébase ben no *Seminario de Estudos Galegos*. Todol-os universitarios teñen eiquí un posto de traballo: en meiciña, en estadística, en cenzas sociás, en estudos xurídicos, en análeses, etc., etc. E o certo é que por deixar valdeiros estes postos o S. E. G. non sae do seu roteiro arqueolóxico e folklórico, lumioso, prestixiado pol-as gabanzas de todo o mundo intelectual, pro que, pol-a nosa culpa, non se multiprica noutros moitos vieiros que a cultura galega percisa.

Agardemos que a presidencia do Seminario, vacante pol-a morte do mestre Cabeza de León, sexa coberta por un verdadeiro centífeco e patriota pra que, mantendo o espírito nazonal que sempre aletexóu naquele casal, impulse as labouras seminarísticas no limpo roteiro de ratificar as non moi decididas vocazóns dos nosos mozos.

O senso apostóleco

Por que fallan verdadeiras vocazóns nos nosos universitarios: estudan unha facultade como poderían estudar outra calqueira e non habendo unha tutoría docente capaz, rematan os seus estudos xa con vountade de abandoalos. Xurde deiquí o maestro que odia a escola e cobiza sere abogado, o abogado novelista, o médeco picapreitos. Son moi poucos os que se van ás suas vilas a eisercer a profesión con verdadeiro senso apostóleco: o abogado co ensoño de restabrecer a xustiza entre os seus, o médeco co-a cobiza de hixienizar e mellorar a vida labrega, o arqueólogo co-a arela de historiar a sua bisbarra, o escolante co orgulo de culturizar a sua freigresía.

No fondo, en todas estas mágoas, falla de concenza nazonal. Poña nosa xuventude por enriba de total-as preocupazóns a ilusión de facer de Galiza o país máis fermoso e feliz do mundo, e a crénza na sua capacidade pra conqueril-o, e vountade e costanza no esforzo, un esforzo ben pequeno, e Galiza entraría no camiño da sua definitiva restaurazón.

NACIONALISMO GALEGO

III

OS OBJETIVOS

Temos dito que o nacionalismo galego propónse a recostitución espiritual, política e económica de Galiza.

Entendemos por recostitución espiritual, a da personalidade, trascendental, tradicional, autóctona, enxebre, de Galiza; a volta á tradición auténtica galega, detida no seu desenrolo, a súa restauración e revitalización, non coma unha recuada a un punto morto da historia, senón com' arranque de toda nova creación, que ha ser feita asegún o noso genio peculiar, pol-a espontaneidade do noso pobo restituído ao seu ser enxebre, a reconquista de Galiza pol-a súa y-alma eterna.

En suma: a regaleguización de Galiza.

Por iso dixemos que o nacionalismo galego era unha restauración, que tiña que ter, pra ser verdadeiro, un senso tradicional, e que se podía traducir adecuadamente pol-a verba *engebrismo*.

Hai un senso bastardeado da verba *engebrismo* que compre desbotar. Aínda hai gente que pensa que o *engebrismo* é o lacón con grelos, o viño do Ribeiro, as cirolas e monteira, o «¡ey carballreira, arde o eixe!», a troulada e os contos porcos. E non é nada d' iso.

Craro que teñen a súa importancia e deben ser conservados no posíbele, a cociña propia d' un país, o vestido tradicional, as festas e os xeitos indígenas d' esteriorizar a ledicia, os vellos costumes, o folklore todo, anque sexa porco. Mais unha importancia superior teñen as formas da outa cultura: a fala, a poesía, a historia, a filosofía, a ciencia, a orgaización, a religiosidade. Que o pobo conserve as súas usanzas é preciso, e os homes de outa cultura non poden,

se han facer obra nacional, perder en ningún instante o contauto co pobo, que é pra iles de cote un mestre imensamente sabio; o folklore é a fonte vivente de toda cultura racial, mais compre que esta cultura acade aquelas outuras que fan erguer un pobo antre os pobos cultos do mundo.

O nacionalismo galego quer pra Galiza unha cultura propia, verdadeiro produto da sua y-alma engebre e original, e por iso desbota toda imitanza, todo mimetismo, toda importación d' ideas feitas, elaboradas, e non acolle máis que a incorporación de cousas alleas de puro procedemento. Ser difrente é ser eisistente. A obra allea debe ser coñecida e estimada, mais non imitada, senón superada.

Veleiquí o punto no que o nacionalismo galego pode ser intransigente. En todo se pode ceder senón é n-isto. E o noso esprito, o noso caraute, o que hai que defender, o noso patrimonio tradicional. Millor que ser libres, é ser galegos; máis val ser súbditos, máis val ser probes, que ser un pobo sen alma propia. Un pobo é unha cultura autóctona, ou non é nada. Onde non hai cultura propia, non hai pobo, non hai máis que masa, suma de homes sen contido, por libres e ricos que poidan ser. O que non pense d' iste geito, será autonomista, será federalista, será arredista, mais non será nacionalista galego.

* * *

A recostitución económica de Galiza é asunto pra tratado aparte. Proponse asegurar o benestar individual e coleitivo de todol-os galegos. Os meios pra conseguilo non son arestora meu asunto. Somentes direi sobre d' iles de pasada, que eiquí com' en todos lados, compre non fiar nos economistas. A economía polítea é unha ciencia que parte n-último caso d' un principio falso: a evaluación dos valores económicos en diñeiro, sendo así que os valores económicos trascenden o diñeiro. Por iso eu desconffo dos economistas e dos técnicos, e non creio en ningunha receta das que se teñen dado pra remediar a Galiza. Pode que atinen en probremas parciás; con seguranza trabúcanse no total.

Ora, todo emprendimento de recostitución económica de Galiza ten un lindeiro que endejamáis debe ser traspasado. Iste lindeiro

é o que ll' impôn a estrutura económico-social de tradición no país, tipo d' economía familiar que non somentes representa nos nosos días un óptimo, senón que o destruílo sería atentar gravemente contra o noso autoctonismo. Quen tal fixera, faría obra antigalega.

* * *

A recostitución políteca ten un aspecto en col do qual todo o que s' insista, ha ser pouco: goberno axeitado ao modo de ser do país, legislación acomodada ás necesidades do país, protectiva do autoctonismo propio, da cultura galega, da economía galega.

Por iso, tanto ou máis que o centralismo, compre combater o uneformismo que, asimilándonos a terras difrentes, imponnos leis e métodos de goberno feitos pensando n-aquelas e endejamáis na nosa.

A recostitución políteca ten outro aspecto: liberdade, autonomía. Diríamos: suma de garantías necesarias pra o noso desenvolvemento cultural e económico engebre. Coido importante iste.

E pol-o derradeiro: os tres aspectos —cultural, económico, políteco— son importantes; mais o cultural e o económico costituyen o propiamente sustantivo do nacionalismo galego; o políteco costituye o adjetivo, instrumental, circunstancial, secundario. E pra o outro e por mor do outro, e non ao contrario. Quen nono entenda así, non penetra na entrana do asunto.

VICENTE RISCO.

(Prohibida a reprodución).

VALORIZAZÓN POLÍTECA DA LÍNGOA

Un dos máis fondos problemas que neste intre galego latexan na nosa concenza nazionalista, é o que se refire á língoa.

Dunha parte xurde aisiomática e imperativa a obriga de falala: por mantela nos seus prestixios literarios, pra contribuíre ao seu desenrolo e restabrecimento, como demostrazón da nosa persoalidade racial, e como lexífemo orgulo da nosa diñidade de pobo; da outra, a realidade, máis forte que calesqueira razonamentos, amostra que moitas vegadas o esforzo non é todo o fecundo que debera por inegabre incomprensión. O galego, de emprego eiscrusivo no noso país hastra os reises católeos, caíu despois de tal xeito que cando rexurdíu, nos comenzos do dazanove, aparéz cativo, esmirrado, tinguído de abondosos localismos e fondas difrenzazóns, enlodado de barbarismos e crebado na súa forte unidade doutrora.

Debemos falar neste galego de fronteira, pra a maor comprensión das xentes? Debemos falar un galego literario e centífico, aínda que non se nos entenda ben, que restabreza as formas primeiras e renove o idioma co zugo do seu propio cerne? Debemos falar nas aituazóns populares en castelán, reproducindo o roteiro do pobo irlandés que fixo a súa propaganda emancipadora en língoa estrana, co-a arela da máisima efectividade? Debemos, ao escribir, suxeitarnos no posibre ao xeito portugués pra alongar os lindeiros da nosa xeografía idiomáteca?

Eu entendo que este problema do idioma, o maor, o máis rexo, o máis xurdio dos que temos pranteiados diante nós, percisa sere abranguido con moito fino e suxeitado a unha certa táctica na que non se reparou e meditou dabondo; esta é unha responsabilidade que nos abafa e pra probala, en boa parte, abonda con sinalar que aínda non soupemos espertar —e refírome xa aos meios máis inteleituás do noso pobo— unha preocupazón verdadeira en col destes estudos: nen temos unha boa gramáteca, nen temos un bón dizonario, nen soupemos conquistar que as entidás máis chamadas a elo —e pol-o

tanto as máis responsabres— encomenzasen a tarefa da sua pubricazón.

En primeiro termo coido que deberíamos suxeitarnos no posibre ao portugués, tanto máis que na maor parte desta posibilidade ficaríamos máis dentro das nosas formas orixinarias: Deus por *Dios*; mai por *nai*; perto (cerca) por *preto* (que ten outra significazón: *negro*); sinos por *campás*; xanela por *ventá* ou *fiestra*; etc., etc., e mellor aínda si nos suxeitásemos á ortografía lusitán; centíficamente este é o noso camiño, e políteca i-económicamente os nosos éidos eistenderíanse nun dos máis vastos mundos lingófstecos. A este respecto sería moi comenente unha xuntanza de filólogos lusitáns e galegos que unificasen, no posibre, as nosas língoa.

No que se refire ao emprego do idioma, é un pouco máis compriçada a custión pol-a imensa cantidade de poboazón estrana, xa misturada co-a nosa, que aínda se mantén inadaitabre: os cataláns, os fomentadores, chegados á nosa beiramar dende os fins do dazaoito, soupéronse galeguizar na sua casi totalidade, mais os soríáns e os maragatos, éstes chegados en proporzóns eistraordinarias, mantéñense aínda como nas primeiras xornadas do éisodo. Estas xentes, pol-as suas fortunas, supoñen hoxe a maor infruenza na nosa Terra, e, aínda na posibilidade de asimilalas ou de vencelas, convén —é imprescindibre— manterse con eles en conversa. Sexamos infreisibres no emprego do idioma: no libro, destiñado sempre a xentes dunha certa outura mental; na confrenza de tipo académeco, sempre de oíntes escolleitos; nas cartas e calesqueira relazóns familiares ou sociás, e alí onde a fala supoña unha decrarazón ou ratificazón dos nosos prestixios nazonás. Mais na aituazón políteca, en troques, entendo en verdade que son moitas as ocasións nas que é comenente o emprego do castelán pra atinxir a maor eficacia nas nosas labouras; entón o idioma é simpresmentes un vieiro d-eispresión ausolutamentes independente das ideas que andamos a pôr en razonamento. En calqueira caso o idioma, nos pobos como o noso nos que é froito eispontáneo da coleitividade, non supón eispresión ou decrarazón políteca, hastra o eistremo de que temos de ademeter o caso de que poidan eispresarse en galego, non xa ideas antinazionalistas, sinón simpresmentes preocupazóns decraradamente anti-autonomistas.

Aspeito da maor trascendencia é o impôr o idioma nos máis enlevados meios sociás, afastando a vergoña de que a maoría das nosas mulleres empreguen língoa que non son a nosa porque nela síntense como en situazón de rebaixamento. Non son poucos —confesémolo

dôridos— os que se gaban de terse imposto públicamente co-a fala sen reparar que aínda teñen por facer sua vitoria nos propios fogares; de non empregar dende a tribúa senón o galego, esquecendo que nas suas relacións familiares máis íntimas non-o empregan. Xeralmente estes homes, vencedores na rúa e vencidos no casal, non se decatán por acaso que moitas veces unha intransixenza — máis na aparencia que no fundamental — esperta reaccións opostas ás que se desexan conquistar e que unha loita pol-a galegitude é sempre, sempre, unha loita apostófica na que se teñen de pôr en movemento forzas centrífugas e non centrípedas, na que se ten de xuntar e non de espaxar, na que se ten de xunir ao pobo nun vencello e nunha concenza en que a língoa é — aínda que o primeiro — soio un aspecto. Trabucadamente fíxose da língoa tema de loita e non campo de loita, e os nosos inimigos — como é lóxico — combatiron as nosas verbas sen adiantarse a cismar nas nosas ideas que acaso poideran convencerlos. Xa se falou *infreisibrementes* en galego contra o arredismo, i-esta anécdota supón, na mellor circunstancia, a significación dunha táctica.

Outro aspecto interesante do problema é a unificación que intentou, con moi afinadas bases, o insigne Pauliños Pedret. Entendo que debe empregarse o idioma unificado en todos os traballos anónimos ou de redacción, mais non nos sinalados pol-os nosos escritores. Un escritor é sempre un fautor no enriquecemento e desenrolo dunha língoa: ten o seu estilo, fai á sua maneira, i-elle líceto hastra a invención de verbas novas sempre que se suxeiten aos principios filolóxicos fundamentás. O caso é moito máis notábel en íntres de amplo renacemento, como agora na Galiza, no que se está a facer, de feito, un novo tempo ou un novo ciclo idiomático.

A língoa, díxose, é a i-alma dun pobo; é o orgullo dunha cultura; é o cerne do grande árbore nacional. Mais eu digo tamén que unha língoa se non é a expresión dun estado de concenza colectiva, se non ten unha valorización loitadora, sinón é, cando menos, un racional estado defensivo, é simplemente un feito biolóxico que pode supôr moito na proxección histórica dunha raza, mais pode non supôr ren no seu porvir. Pra min, no caso noso, no caso dos pobos que loítan por reconquistar a sua persoalidade, non é un feito étnico: é unha vontade; non é un efecto: é unha causa. Empreguemos o galego, pro de tal maneira, que os nosos oíntes perceban en nós o orgullo e a forza de manter nosos dereitos de homes, non a cativeza dunha necesidade. Que ouvíndonos os uns sintásemos diante un pobo na seguranza de sí, os outros diante unha cultura certa dos seus vieiros,

os máis diante dun pulo rexo de rexurdimento, e todos na lediza agarimosa dunha fala rica, fermosa, atrafnte; endexamáis diante unha reaíón de inferioridade, un tópicó de partido ou a cobardía de refuxiarse nunha trincheira por non ter folgos pra loitar en campo aberto. A fala, digo, non é un fin senon un meio; é pol-a sua natureza eispresión, e cousa moi difrente é o que ten de eispresarse.

ALVARO DAS CASAS.

CRISIS DA DEMOCRACIA..?

Estamos nunha hora de crisis de todol-os valores da Cultura oicidental, no momento que Europa, na sua siñificacón espirital de guieiro e avanzada da Cultura en todol-os senso, parece esborrallada, i entra nun ferver de novas ideas, de novas concepcíós da Vida, que, na política, leva a ensaios que nós non queremos calificar no intre, —refrome aos métodos políticos que dende o Mediterrán ao Báltico marcan unha faixa perfectamente perfilada xeográficamente—, querendo arrebatat o máis grande de todol-os valores, o Home como tal.

Este remuíño parece que vai tragar e afondar pra sempre as concecíós da Democracia, do goberno do pobo, como único medio de garantir as Liberdades, a grande conquista da Humanidade, siñaladora dun fito na Historia. A Democracia como sistema de goberno, como creencia, parece chegar ao seu punto final, pra ser substituída por outros sistemas. Non sólo nos países onde foi xa

desbotada pra levar a cabo novas orgaizaci3ns que teñen outro principio, sen3n nos pobos onde nasce, t3pase nun balanc3n sin que se poida augurar ren pol-o seu porvir. O mesmo na Franza, madre e xestora da gran Revoluci3n, que na Inglaterra onde a Democracia viv3a, nos seus principios, denantes que a mesma Inglaterra, cheg3u o per3odo 3lxido esta falla de fe no sistema democr3tico. N3tase hoxe x3 esta crisis na corrente literaria en todol-os pa3ses, s3ntese ista anguria refrexada no libro; son moitos os autores de hoxe que dan capital importancia o probrema, non s3lo nos campos opostos por principio 3 Democracia, sin3n nos pobos onde est3 m3is arraigada aparentemente; e as3n podemos citar en Inglaterra 3 m3is outo prestixio da ciencia pol3tica no pa3s, o profesor de Londres H. Laski, e na Franza a Ch. Benoist, entre outros, os que dan a badalada no campo da ciencia, avalados pol-o seu fuste inteleitual, o de ter m3is en conta.

Por outro lado, fora do libro, 3chase no campo do periodismo e na mesma concencia dos pobos, representados pol-os partidos pol3ticos, este descenso na columna barom3trica sinaladora do peso dunha creencia que estivo enchendo a concencia dos pobos por m3is dun s3culo.

Se votamos os ollos pol-a Europa e miramos a Alemaña, a Austria, a Italia, a Hungr3a, etc., —deixando intencioadamente a Rusia, que ten un mat3z distinto— onde non queda xa nin rastro da Democracia como sistema de goberno, como criterio e conceici3n da vida, como valorizaci3n do Home frente ao Estado, e logo pra todol-os dem3is pa3ses onde todo se sacude pol-o seu p3 con perigo de afondirse, p3dese decir que a Democracia vai sendo desprazada, perdendo, d3a a d3a, o que tanto custou 3 Humanidade conquistar.

Os Parlamentos deb3tense anguriados diante aos graves problemas que pranteou a pos-guerra e que parece que cada d3a se agravan e non levan camiño de soluci3n; falla eficacia na r3pida e indispensable soluci3n d' estes problemas; e a loita de partidos, dentro dos Parlamentos, f3inos cada d3a tan diferenciados, que fai imposible a soluci3n dos problemas econ3micos e pol3ticos nun senso de ben nacional, no senso de paz e concord3a entre cada unha das opini3ns que agrupan arredor de s3 un conxunto de cidad3ns. Non parece o Mundo de hoxe m3is que aquel pintado por Hobbes refer3ndose a unha suposta idade primitiva, na que cada home era lobo pra outro home, ou que vai cumprirse a profecia de Cristo: a do fin do Mundo.

Diante deste espect3culo parece que non hai m3is que un remedio, buscar un m3todo de unidade, buscar o sistema de someter total-as

vontades â vontade dun home, baixo distintas formas; parece que non hai máis remedio que desbotar a Democracia como creencia e como concepción da Vida.

Pro nós non pensamos así; que os Parlamentos non responden â sua función moitas veces, que non son un meio axeitado pra solventar e arranchar a vida d' un Estado, non-o negamos; mais é preciso observar que o Parlamento non é a Democracia, que os recursos da Democracia son moitos, teóricamente pódese decir que son tantos como habitantes ten un país, que os membros dos Parlamentos son, baixo unha ficción, representantes dunha Nación, sobor da que se ergue un Estado, e cando esta ficción non se transforma en realidade, non podemos decir que a Democracia e o Parlamento fracasaron, porque o que pasa é que hai un Parlamento, hai un Estado que non responde a un confido nazonal.

Por outro lado os Parlamentos non sirven como instrumentos de goberno, según nos ensiña a experiencia nos grandes Estados, porque aínda no caso máis favorable no que o Estado responda a unha Nación con un elemento aglutinante, común pra todo o pobo e todo o territorio, existen sempre elementos diferencíais que é preciso ter en conta nunha labourea de goberno. E como decíamos denantes, un Parlamento constituído baixo a ficción de ser representante da opinión dun pobo, no que aos problemas políticos se refire, pode ser no que éste ten de común, mais non naquelo que constituie os elementos diferencíais das partes que fan o todo.

Pol-a contra, o réximen parlamentario como manifestación da Democracia, non creba nos pequenos Estados que son pequenas Nacións, como Bélxica, Dinamarca, etc. Porque ademáis nestes pobos cúmprese o control necesario da xestión dos órgaos de goberno do Estado, máis doadamente, pol-os democráticos medios do plebiscito e a intervención directa pol-a iniciativa popular.

Logo podemos concluir afirmando que nos pequenos Estados, nas pequenas Nacións, a Democracia non perigra, porque son as grandes Democracias; grandura que non está na extensión, sinón na intensidade.

XOHAN BRAÑAS.

DA NOSA PROPIA CONTEMPRAZÓN

Andan a botarnos na cara, como si fose unha marca de infelicidade, o noso excesivo lirismo e o tempo que asegún dñ perdemos en andar a ollar a terra e a paisaxe e a dormirnos na súa contemprazón. Eu non digo que teña habido, e haxa aínda, lirismos choróns e contemprazóns inúteis co-as que se quería facer ver ás xentes unha cantidade de sentimento e sensibilidade que verdadeiramente non se tiña. Parvos, pedantes e homes valdeiros háinos sempre e seguiráos habendo en todol-os campos i-en total-as latitús. Pro a verdade é que si nós non temos xa conquerido o que verdadeiramente percisamos, o que por dereito nos pertence, é percisamente porque non nos temos ollado dabondo. Agora ben; cando se fala deste ollarse, hase de entender que se fala de partes equilibradas de cerebro e sentimento.

Na nosa haxiografía monacal temos un S. Ero de Armenteira que se durmíu cen anos ouvindo cantar un reiseñor; ao cabo deles era igoal a sí mesmo, pro todo se tiña trocado arredor, i-ele tivo que refacerse pensando e sentindo sobre de sí e sobre do entorno pra voltar a toparse entre as cousas i-entre os homes e poder convivir con eles. Pra nós non houbo reiseñores de encantamento, pro houbo labazadas na testa, dadas con mans rexas, que tamén fan dormir, e dormindo estivemos sobre nós mesmos catrocentos anos. Agora temos acordado e, craro está, topámonos igoales a nós mesmos como si o tempo non fivese pasado. Pro un sono de catrocentos de anos é máis que unha morte curta, é casi que unha morte, e nel forzosamente moitas cousas se teñen enquistado, atrofiado, como si fosen morrendo, e nós agora temos de ollarnos ben e moito pra ir acordando o que aínda dentro de nós está a dormir, hastra que voltemos a ser nós dun xeito total. E temos de coidar moito non ir a apañar fora, engadindo cousas estranas ao que nós somos dun xeito formal, o que temos en nós aínda que esteña alá dentro esquecido nun sono.

Non hai moito tempo Waldo Franck cruzou o continente americano, dende as súas terras nórdicas deica as augas do Prata, pregoando aquel seu mensaxe vivo, como un evanxéu de redención, pra todol-os pobos que acaban de nacer: buscádevos a vós mesmos; só cando seipades profundamente o que sodes poderedes saber a onde ides e qué queredes; non sigades a ninguén; olládevos a vós; só cando seipades a onde ides e qué queredes poderedes obrar con eficiencia.

Eu coido que acordar dun sono longo é igoal que o nacer, co-a difrenza que se teñen emprendido moitas cousas. E así nós somos tamén un pobo recién nacido e podemos apañar pra nós o pregón do W. Franck, si non esquecemos que unha boa parte nosa está no onte perdido, na soma dos séculos, e que hoxe somentes a Terra, a paisaxe —que eiquí é algo máis fondo que repouso de señoritos cidadáns, e recramo de turistas, e aínda que terra de labourar— somentes ela nos pode dar o segredo do noso ser. A nosa difrenza cos pobos auténticamente novos é que temos historia, e un feito e por tanto un deber e un vieiro xa trazado que nos impide andar a ensaiar; temos pois que descubrir ese vieiro e ire dereitamente a ele. Pro este camiño noso non pode ser o mesmo de onte: quedaríamos cravados nun arcaísmo morto, pois si é certo que nós somos os mesmos, vimos a vivir nun tempo que xa non é aquele. É perciso que nos conozamos a nós mesmos e conozamos a vida de hoxe, e aínda, e millor, a vida de mañán, pra poder levar a cabo a laboura do noso pobo. Pro han sere uns conocimientos parexos, perfectamente equilibrados, de xeito que non pese máis nen o snobismo nen o arcaísmo; de xeito que non pretendamos ser perfectamente estranos ao mundo nen tan universás que deixemos de ser nós. É laboura pra non feita por rapaces, nen con tempo contado. É moi fácil chantarse nunha postura, enxergar uns cantos tópicos con unhas cantas razóns, e botarse a correr por un vieiro calquera, mais compre ter en conta que canto se faga sen asentar denantes os cimentos será un labourar valdeiro, será sementeira que non dará anada. Do mesmo xeito é fácil encamiñarse por vieiros xa feitos por outros homes, e pra outros pobos semellantes ao noso, pro non igoás, mais isto sería moito máis prexudicial, porque cando tivésemos andado un bó anaco dese camiño decatariámonos de que non era o noso e teríamos que tornar a desandalo, perdendo o tempo e o esforzo.

É lei de todol-os pobos recién nacidos, como é de todol-os pícaros, facer cousas infantís, e quizaes sexa inevitabre como o é que un pícaro leve duras cotenadas nos seus xogos, pro esto non .quita pra

que deban pórse todol-os medios pra evitalo, e máis entre nós que si somos recién nacidos non somos pícaros. Eu coido que entre nós, avalado por esa cousa noxenta que é a boa vountade, houbo e hai moitas cousas de pícaros; cargando un pouco quizaes se poidera decir que casi que todo foi un xogo de pícaros, e non se pode seguir así. Botémoslle a culpa en primeiro lugar á pasividade das xentes: non se pode facer laboura grande sen grande masa, pro a masa haina que ir a buscar, haina que sacar do seu sono, haina que facer agoirar de anxeios concretos, e non se fai esto cando son catro homes a traballar, e moito menos cando deses catro homes dous non saben a onde van, e van como pícaros diante da tropa, sen que haxa tropa. E calemos sobre desto aínda que hai moito que decir, porque non esquecemos que é máis facedeiro criticar que facer.

Indudablemente toda laboura creadora tense que asentar na aición máis ampria e decidida, pro esa aición será un xogo si denantes non gastamos moitas horas en cismar i-en sentir. Eiquí tendes como non é tempo perdido ese noso estarnos a ollar como si nos estivésemos adourando, si nele alenta un desexo fondo de acadar o noso ser máis íntimo. Ollando a paisaxe pintará o pintor e cantará o poeta, si han sere auténticamente nosos, porque na paisaxe está o cerne do noso ser. I-é nas verdás que descubren os poetas onde se atopan as esenzas da ialma dos pobos.

Todo movemento de emancipación dun pobo, ha ser inicial e fondamente movemento cultural, máis aínda si é un pobo que renaz. Ollando á lixeira paréz que nunha época com-esta, en que todo está movéndose sobre un eixe materialista, han valer moi pouco certas ramas da cultura que máis ben queren contradecir ese senso materialista. E máis aínda si o primeiro anxeio deste movemento de emancipación, ten unha marcada sinal de economía. Pro si se olla fondamente, morre a contradición. A crisis aítual do mundo percisa dunha solución marcadamente materialista: é somentes nun probrema da distribución da riqueza e da produción; é simplemente facer que o home traballe pra vivir e viva, e non como agora que vive pra traballar e non pode vivir. Cando a maior parte dos homes están a morrer de fame habendo riqueza e produción máis que suficiente pra que todos vivan ben, é criminal pensar noutra cousa que na solución deste fondo probrema. Pro esto que é probrema universal, e percisa polo tanto de solucións universás, ha sere en cada pobo solucionado con un matiz que se axeite totalmentes á súa contestura íntima, e pra esto é primeiro que cada pobo se conoza fondamente. Eis ehí desfeita a contradición.

Pro voltando ao que estábamos, si un movemento se enxerga por un viero netamente político, ten de atender con preferencia á vida e goberno do pobo, á solución dos seus probremas máis vivos, e ten de facer un estudo fondo destes probremas, estudo que ten de estar acentuado percisamente noutro movemento de carácter netamente cultural anque ele seña somentes aición.

É indudabre que estas duas ramas do movemento de emancipación do noso pobo, están en pé, e aínda que teñen xa no seu haber moitos feitos laudabres; pol-o tanto ún como outro téñense, ao meu ver, que arrepentir de graves erros, e máis aínda de grandes pasividás que foron culpa de que non se teñan conquerido moitas cousas.

Pro témonos alongado xa en demasía pra chegar eiquí como prendidos nun trabucamento que eu coído que non é tal. É cousa de voltar outro día a falar máis ordeadamente de cada cousa, pra saber si nos entendemos ou non.

LOIS MANTEIGA.

EDITORIAL NÓS

RÚA DO VILLAR, 15 ★ SANTIAGO

LOTE N.º 1.

| | |
|--|-------------|
| Otero Pedrayo.— A Romeiría de Xelmírez. | 7.00 ptas. |
| Vicente Risco.— Mitteleuropa. | 6.00 » |
| Antón Villar Ponte.— Os Evanxeos da risa ausoluta | 5.00 » |
| G. López Abente.— Vaosilveiro | 2.50 » |
| Augusto Casas.— Vento Segrel | 2.50 |
| Xulio Sigüenza.— Cántigas e verbas ao ar. | 2.00 » |
| Ramón Villar Ponte.— Historia Sintética de Galicia. | 6.00 » |
| Ramón Cabanillas e A. Villar Ponte.— O Mariscal | 1.00 » |
| Total | 32.00 ptas. |

ALENTO sirve este lote mañífero de libros en **25 pesetas**, a todol-os seus suscritores que o desexen, enviando nota dun suscritor novo co pago adiantado dun semestre (2.50 ptas.) e o seu enderezo.

Escriban :

Sr. Director de **ALENTO**

Algalia de Arriba, 35-1.º

Santiago

Envíolle o importe da miña suscrizón no primeiro semestre (2.50 ptas.), máis a do meu amigo.....
que mora en rúa
e 25 pesetas pra que me remitan o Lote n.º 1 da **Editorial NOS**, que anuncia a Revista no seu número catro. O total de 30 pesetas recibirano por xiro postal.

Data e siñatura.

00.2
00.3
00.4
00.5
00.6
00.7
00.8
00.9

